



**ACTA N.º 12/2011  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 24 DE NOVEMBRO  
DE 2011**

**ORDE DO DÍA**

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 10.556,00 €
- I.3.- REVISIÓN DO CUSTO UNITARIO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AGUA E SANEAMENTO
- I.4.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE COLOCACIÓN DE MARQUESÍA NA PARADA DO AUTOBÚS NA RAMALLOSA
- I.5.- COORDINACIÓN EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS
- I.6.- APROBACIÓN PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES 2011-2014

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos (\*)
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde (\*)
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 24 de novembro de 2011.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:04
- *Hora de remate:* 12:29
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16.

***Incidencias:***

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde,* incopórase á sesión durante o debate do punto I.2 da orde do día.
- *D. Alberto García Pazos,* auséntase ao inicio do punto II.2 de rogos e preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen:

O Sr. Alcalde agradece aos grupos municipais o acordo acadado en relación coa declaración institucional sobre a violencia de xénero. A Sra. Concelleira delegada, Sra. Pino Fernández, dálle lectura.

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO**

O vindeiro 25 de novembro conmemorase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Son datas para reflexionar sobre os avances que neste ámbito venían levándose a cabo dende hai máis dunha década. Entre eles, sucesivas reformas do Código Penal, a creación da orde de protección, a publicación da Lei Integral contra a violencia de xénero. Na nosa comunidade a Lei para o tratamento integral da violencia de xénero. Sen dúbida contribuíron todas elas a tratar de erradicar a violencia contra as mulleres, polo que moito é o que se ten feito pero ainda queda moito por facer. Neste sentido, debemos demandar o desenvolvemento dos instrumentos previstos na lei 11/2007 de 27 de xullo, de forma especial o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral e o cumprimento dos acordos que sobre protección de menores expostos a contornas de violencia de xénero.



A violencia de xénero non desaparecerá en tanto non rematemos coa discriminación que as mulleres sofrimos. Existe porque existe unha relación desigual entre mulleres e homes. En este comenzo de século as mulleres seguimos encabezando as porcentaxes de pobreza, menor salario, a precariedade laboral e as bolsas de paro, pola contra tenuos menor acceso ós postos de responsabilidade e no ámbito privado, o traballo das mulleres no fogar continúa sendo invisible e infravalorado. A violencia é a manifestación mais dramática da desigualdade, e o desenvolvemento de políticas públicas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes configurase como a mellor estratexia para a erradicación da violencia de xénero.

Só o esforzo común para acadar unha sociedade mais igualitaria fará que o 25 de novembro deixe de ser unha data de necesaria reivindicación, polo que todas as administracións con competencias nesta materia deben seguir desenvolvendo as medidas necesarias para a erradicación de esta lacra.

## I.- PARTE RESOLUTIVA

### I.1.- ACTA ANTERIOR

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 24 de outubro de 2011.*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 27 de outubro de 2011 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

### I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 10.556,00€

A Comisión Especial de Contas do 16 de novembro de -2011 informa favorablemente o expediente do recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 10.566,00 €, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o gasto de 10.556,00 euros correspondente á factura número 0509010256 expedida o día 21.12.09 por "Novotec consultores, S.A" en concepto de "Control da calidade dos servizos de recollida de resíduos urbanos e de limpeza no Concello de Nigrán"; gasto que está pendente de aprobación, contabilización, e pago.

Tendo en conta que a factura citada conta coa sinatura de conformidade do entón Concelleiro de medio ambiente (don Juan Hermida Lago) e corresponde a un gasto non prescrito.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así

como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversos importes.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno:

**PRIMEIRO:** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 149/11, de data 15.11.2011, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

**SEGUNDO:** Recoñecer extrajudicialmente un gasto de 10.556,00 euros correspondentes á factura número 0509010256 expedida o día 21.12.09 por "Novotec consultores, S.A." en concepto de "Control da calidade dos servizos de recollida de resíduos urbanos e de limpeza no Concello de Nigrán"; imputando o gasto ao crédito disponible na aplicación orzamentaria 1116262701 ("Asistencia técnica exterior servizo de recollida RSU") do estado de gastos do orzamento prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2011.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* A auditoría ao servizo de recollida de lixo arrastra unha débeda por un traballo (limpeza de praias) realizado e validado no seu día polo entón concelleiro de Medio Ambiente. Dada a falta de consignación naquel momento propone agora o recoñecemento extrajudicial do crédito necesario.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Non comparten a proposta polo fallo do procedemento e aparente duplicidade de conceptos nas facturas. Ademais, hai outras facturas pendentes de recoñecemento de máis antigüidade que deberían ter preferencia. O feito de que a empresa non queira asumir novos contratos por ter o Concello unha débeda con ela non é razón suficiente. Ao Concello non lle supón custe económico porque corre a cargo da empresa adjudicataria do servizo. Ademais débese notificar á referida adjudicataria para a corrección de deficiencias. Por outra parte, estes contratos destinados a controlar o servizo poderían facerse por un período maior, para abaratar custos. Votará en contra.

*Sr. García Pazos:* Hai dous informes distintos, e a factura é por un deles. O servizo non se empezou a controlar desde o principio. Esta empresa é a que pode ofrecer menor custo. Iso é relevante, ainda que o pague a adjudicataria. E para contratala, requírese que estea de acordo.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non está garantido ese menor custo. O procedemento non foi público, senón negociado. Un contrato por un período maior sería más económico. Insiste en que hai 423.000 € pendentes de recoñecer a outros acredores, moitos deles máis antigos.

*Sr. García Pazos:* Aquí a consignación apórtaa a empresa concesionaria. Nos outros casos non ocorre isto. Os contratos negociados son legais e o menor prezo é un criterio de eficiencia.

*Sr. Fernández Comesaña:* O procedemento negociado debería ser excepcional. Pregunta se vai a ir a concurso e se se vai facer por varias anualidades. Hai reparos de fondo do Interventor.



**Sr. Alcalde-Presidente:** Hai que pagar o que se debe. Tratamos de economizar acudindo a unha empresa que xa fixo un traballo de campo. A intención é reducir o custe. Imos controlar ás concesionarias periodicamente. Aquí temos unha partida habilitada, nos demais casos, estase buscando unha solución. Le a parte dispositiva da proposta.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP e PSOE.
- Votos en contra: 1; Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto .
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dictaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- REVISIÓN DO CUSTO UNITARIO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2011 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Vista a solicitude formulada o día 20.10.2009, rexistro de entrada número 11347 por U.T.E. Aqualia -FCC Nigrán (en adiante Aqualia), referida á revisión de custo unitario dos servizos indicados no contrato administrativo asinado o día 27.11.92 polo Concello de Nigrán coa citada unión temporal de empresas para a xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento, con efectos do 1 de xaneiro de 2009.

De conformidade co indicado no informe emitido polo enxeñeiro municipal do Concello de Nigrán de data 26.11 .2009.

Visto o indicado no informe emitido polo interventor xeral do Concello de Nigrán o día 19.02.2010, referencia T17/10.

Visto o indicado por Aqualia no escrito do día 11.03.2010, recibido no Concello de Nigrán o día 17.03.2010, rexistro de entrada n.º 3364.

Visto o indicado no informe emitido polo interventor xeral do Concello de Nigrán o día 14.07.2010, referencia T84/10.

Visto a acordo adoptado polo Concello Pleno o día 28.07.2010.

Visto o indicado por Aqualia nun escrito recibido no Concello de Nigrán o día 31.10.2011, rexistro de entrada n.º 13701.

Coa finalidade de manter idéntico criterio ao seguido por este concello nas revisións do custo unitario dos servizos indicados no contrato administrativo asinado o día 27.11 .1992.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Resolver os reparos formulados polo interventor xeral do Concello de Nigrán no informe do día 19.02.2010, referencia T17/10 e do informe do día 14.07.2010, referencia T84/10.

**Segundo.-** Aprobar a seguinte revisión do custo unitario dos servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento, con efectos do 01.01.2009:

CUSTO UNITARIO =0,45030 €/m<sup>3</sup>

**Terceiro.-** Notificarlle este acordo á empresa U.T.E. Aqualia -FCC Nigrán, indicándolle que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso- administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998 de 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación deste acordo, sen prexuízo de que a empresa poida interpor calquera outro recurso que estime procedente.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

**Sr. Alcalde-Presidente:** Explica a proposta e os seus antecedentes. A empresa presenta a xustificación correspondente e emitíronse os informes oportunos. Non repercutirá nos cidadáns, senón no canon.

**Dª. María Dolores Martínez Losada, do grupo socialista:** Están a favor. Pero hai coeficientes non actualizados e aspectos sen controlar. Deberíase facer un control para axustarse á realidade.

**D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:** Votará en contra. Falta control do cumprimento do contrato. Fai falta un estudo dos parámetros económico-financeiros. As revisións requiren o cumprimento estrito dos requisitos e a súa completa acreditación documental.

**D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:** O Pleno xa resolvera rexeitar a proposta de revisión á vista de informes desfavorables. Sorprende a demora dun ano na notificación. Aquel acordo era recorrible e non o recorren, senón que reproducen os mesmos feitos, sen aportar argumentos. Non se especifican factores coma o da man de obra. Non hai control do funcionamento, que evidencie incumplimentos do contrato. Votará en contra polas deficiencias apreciadas.

**Sr. Alcalde-Presidente:** O goberno asume que ten que incrementar os controis. Pero tamén sabe que a actualización do prezo é obrigada. No Pleno non se rexeitou a cuestión de fondo. É inaudita a demora na notificación, pero o certo é que hai que cumplir o pactado e buscar entendemento no posible coa empresa, evitando, se é posible, os preitos.



*Sr. Fernández Comesaña:* O Pleno entendeu que a empresa non acreditaba a súa petición. Agora reprodúcese a pretensión sen mediar recurso previo. Os controis son imprescindibles, dados os incumplimentos observados. O prezo que se paga a Vigo é desproporcionado, dado que Nigrán debe tratarla. Falta, segundo o informe do Interventor, a acreditación de moitas circunstancias. Non cabe este acordo que se propón.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os grupos PP e PSOE adoptaron aquel acordo tendo por desistida á empresa. Agora apoian o acordo proposto pola subsanación producida. Estanse facendo cousas para mellorar o prezo que se paga a Vigo. Os controis das concesionarias vanse incrementar.

*Sr. Fernández Comesaña:* É importante reivindicar o uso de Zamáns para o Val Miñor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Le a parte dispositiva da proposta.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP e PSOE.
- Votos en contra: 2; grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dictaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE COLOCACIÓN DE MARQUESIÑA NA PARADA DO AUTOBÚS NA RAMALLOSA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2011 acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción do grupo socialista:

“O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, Lei de Administración Local de Galleta, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

##### **Exposición de motivos**

Que a liña regular de transporte público que realiza a empresa ATSA, no seu percorrido Vigo-Gondomar, ten parada de viaxeiros na estrada PO-340 á altura da praza de abastos de Ramallosa. Que como e ben sabido por todos, son moitos os veciños e veciñas de Nigrán e Gondomar que usan o servizo de esa liña regular, e concretamente unha das paradas máis concorridas. Hai que ter en conta que moitos menores de Nigrán empregan este servizo para acudir ás Escolas Proval, así que para protexerse da intemperie é esencial contar con dita

marquesiña; pensemos ademais en usuarios frecuentes deste servicio como persoas maiores, meniños, adultos. Por estas motivacións e percepcións de necesidades, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da Corporación.

## **ACORDO**

1. INSTAR ao concello de Nigrán para que coloque unha marquesiña na parada de autobús (ATSA), na estrada PO-340, a altura da praza de abastos de Ramallosa, con carácter de uxencia dado o período invernal no que nos atopamos.
2. INSTAR á Delegación Provincial de Transportes de Pontevedra da Xunta de Galicia para que empregue os recursos cos que conta para tales menesteres, neste caso Marquesiña na Parada de autobús (ATSA), na estrada PO-340, á altura da praza de abastos de Ramallosa."

### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Explica a moción, orientada a facer unha petición á Consellería competente. Pide que se apoie.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* As cousas hai que velas persoalmente para dárslas a dimensión axeitada. A súa experiencia é que se trata dunha necesidade evidente. Votarán a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O PSOE estivo catro anos no goberno, e non se ocupou das marquesiñas. Ademais a moción é contraditoria, xa que fai referencia ao Concello e á Xunta. Tamén afecta a veciños de Gondomar. Absterase, pola forma utilizada.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sen restarlle importancia ao asunto, hai que ser realistas. Pero na etapa do goberno do PSOE non se lle deu esa transcendencia. Asumirana como rogo.

*Sr. González Pérez:* Para o PSOE é importante esta cuestión, que obedece a unha necesidade veciñal.

*Sr. Fernández Comesaña:* A política do goberno socialista foi de desatención ás marquesiñas, ignorando as peticións do grupo UCN.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O luns pasado xa se falou cun colexio de Nigrán, que se encargará de facer unhas marquesiñas.

### **Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.



Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexitar a Moción.

### I.5.- COORDINACIÓN EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2011 accordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada por D.<sup>a</sup> María del Carmen Alonso-Macías Jorreto en representación do grupo municipal popular:

D.<sup>a</sup> María del Carmen Alonso-Macías Jorreto como voceira do Grupo Municipal Popular, o amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais presenta ante o pleno da corporación Municipal de Nigrán a seguinte MOCIÓN sobre a necesidade de coordinación entre as distintas administracións en materia social, en base aos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia estructura o Sistema galego de Servizos sociais en rede unha rede na que interveñen as distintas administracións da comunidade (local, provincial e autonómica), sendo de competencia municipal os servizos comunitarios básicos e os comunitarios específicos que deben desenvolverse -baixo a planificación da Xunta de Galicia- de xeito coordinado entre diferentes administracións.

Pola súa banda, as deputacións provinciais de conformidade coa Lei 5/1997 de Administración Local, do mesmo xeito que se recolle no artigo 63 de Lei de Servizos Sociais de Galicia, ten en entre as súas competencias a asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente os de menos de 20.000 habitantes na implantación e xestión de servizos comunitarios municipais. Ao amparo desta normativa enténdese que é cometido das deputacións dar apoio prioritario aos concellos de menor capacidade.

No contexto actual no desenvolvemento dos servizos sociais hai que ter en conta ademais que desde a entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, contemplase a participación das entidades locais na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas CCAA e dentro das competencias que a legislación vixente lle atribúe (art. 12 Lei 39/2006).

Así os concellos están a ter entre os seus cometidos a atención ás persoas dependentes na súa modalidade de axuda no fogar, que se cofinancia ata o de agora por parte da Xunta de Galicia como partida independente a través do denominado Plan Concertado , suplementando na súa achega o escaso financiamento que está a supoñer o nivel mínimo de financiamento que garante o Estado para a atención ás persoas en situación de dependencia, o Que está a supor Que a Xunta de Galicia está a aportar por este concepto un 228% máis Que o Estado. Aínda así o modelo de financiamento establecido non está a permitir unha xestión áxil das transferencias.

O incremento na prestación dos servizos sociais comunitarios e específicos e o axuste orzamentario ao que se están a ver obrigadas todas as administracións fan necesaria a existencia de liñas de financiamento estables no tempo, coordinadas e planificadas, entre as distintas administracións competentes, nun ou outro nivel, en materia de servizos sociais.

Por todo isto e en aras de mellorar o sistema de financiamento e de atención aos servizos sociais e garantir a achega dun servizo de calidade á cidadanía, o Grupo Municipal Popular do Concello de Nigrán propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo de instar as distintas administracións a:

- Demandar do Goberno Central a blindaxe do investimento que aporta á comunidade de Galicia para o financiamento do plan concertado, plan xitano e atención a menores, mediante transferencia anual á Xunta.
- Demandar así mesmo que garanta en relación co servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que están a prestar as entidades locais, o financiamento do 50% do custe deste servizo a través do nivel mínimo de financiamento de xeito que permita a viabilidade e suficiencia financeira do sistema para a autonomía e atención á dependencia.
- Establecer mecanismos de coordinación entre todas administracións, concello, deputación provincial e Xunta, que permitan establecer liñas claras e estables de financiamento dos servizos sociais básicos que se prestan á cidadanía.
- Pór en marcha un sistema que axilice os pagamentos anuais aos concellos por parte da Xunta de Galicia que asegure unha porcentaxe de anticipo do que lle correspondería anualmente ao concello para prestación de servizos sociais comunitarios básicos, no primeiro cuadrimestre de cada ano.
- Pór en marcha unha ferramenta que permita abonos trimestrais do servizo de axuda no fogar para os dependentes introducidos no sistema a 31 de decembro do ano anterior.
- Elaborar unha normativa que flexibilice nos concellos a aplicación do copagamento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos."

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Dª. Mª Carmen Macías Alonso Jorreto, concelleira delegada:* Expón a proposta. Refírese ás responsabilidades das distintas administracións e ás peticións que se dirixen á sostibilidade do sistema.

*Dª. Dolores Araujo Duarte, do grupo socialista:* É unha cortina de fume da Xunta, e o Concello asúmelo. Está de acordo no dos pagos trimestrais. O demais é reproducir o que xa está lexislado. O do copago non queda claro se é para eliminalo ou incrementalo. Absteranse.



*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* É unha moción cínica. A Xunta está reducindo os fondos aos concellos, e estes reclaman ao Estado. O BNG xa propuxo no Parlamento que se incrementase o financiamento do Plan Concertado. A Xunta non está cumprindo os calendarios de pagos aos concellos, e vai reducir a súa contribución. Non vai a apoiar isto. En Galicia as persoas que teñen recoñecida a prestación son das que máis tardan en recibila. Pode abrirse a porta do copagamento.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Parece unha moción-tipo más. Non é normal que os concellos financien o Plan de Servizos Sociais adiantando os cartos, cando deberían recibir unha achega por anticipado. Apoiarán a proposta porque comparten a filosofía.

*Sra. Macías Alonso Jorreto:* Hai unha ordenanza fiscal municipal da época do PSOE, que recolle o copagamento. O número de persoas con recoñecemento de dependencia incrementouse moito nos últimos anos. O Estado é o que ten que facer a súa contribución.

*Sra. Araujo Duarte:* A Xunta é a que ten a competencia principal, e apórtalle aos concellos os fondos para o Plan Concertado. E isto estase reducindo en moitos dos seus aspectos básicos. O copagamento non está na lei. O risco é que moitos gastos corran a cargo do Concello.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A Xunta reduciu en moitos millóns de euros a súa achega a programas de servizos sociais. No tema do copagamento non está de acordo coa formulación da moción.

*Sr. Fernández Comesaña:* O copagamento obedece a unha imposición da Xunta, promovida polo BNG.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Do que se trata é de que as demais administracións aporten o que lles corresponde. Ao mellor o cinismo é que a Xunta do bipartito aprobe unha norma sen ter os recursos. A flexibilización do copagamento é para que os pagos poidan realizarse con maior flexibilidade. É certo que a Xunta recortou a contribución. O que o Concello quere é evitar os recortes, e pedirlle ás demais administracións que asuman as súas responsabilidades. Se se quiere pódese cambiar a redacción do apartado da flexibilidade.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dictaminada pola Comisión Informativa.

#### I.6.- APROBACIÓN PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES 2011-2014

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2011 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada por D.<sup>a</sup> María José Pino Fernández,

concelleira de Patrimonio, Igualdade e Xuventude:

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os plans de igualdades de oportunidades entre mulleres e homes nacen coa vocación de converterse nos marcos de referencia para desenvolver as medidas necesarias que permitan combater as desigualdades entre mulleres e homes que ainda perviven. A Administración Local ocupa unha posición privilexiada no desenvolvemento das políticas de igualdade; a súa proximidade á cidadanía facilita a identificación das necesidades e dos obstáculos que impiden a igualdade entre mulleres e homes, posibilitando así, apostar en práctica de medidas tendentes a súa erradicación.

Durante os anos 2005-2006 executouse no Concello de Nigrán o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Este II Plan de Igualdade pretende afondar no camiño xa iniciado, promovendo un necesario cambio nas estructuras sociais que impiden que a igualdade entre mulleres e homes -que proclama o noso ordenamento xurídico- sexa unha igualdade real.

Este novo plan pretende incorporar unha visión estratéxica do conxunto da política municipal superando os compartimentos estanco nos que adoita converterse a administración.

O Plan enmárcase na liña estratéxica do marco comunitario sobre a Igualdade de Oportunidades, e polo tanto na implementación do Mainstreaming de Xénero -ou Enfoque integrado de Xénero- nas políticas públicas. A consecución da igualdade esixe un cambio estructural na organización social; as políticas públicas de igualdade deben incluir obxectivos estratéxicos ou xerais que procuren superar os elementos ou aspectos que estean na base da desigualdade e obxectivos prácticos ou específicos que dean resposta ás situacions provocadas polas desigualdades de xénero. Xa nun terceiro nivel de concreción, cada obxectivo específico deberá ir acompañado dunha serie de actuacións ou medidas que o goberno local deberá ir desenvolvendo durante a vixencia do Plan.

Este novo Plan deberá avanzar na erradicación das desigualdades entre mulleres e homes e profundizar no camiño iniciado polo I Plan de Igualdade. No deseño do novo Plan tivéreronse en conta a características socio-económicas do Concello de Nigrán.

Por todo Isto e en aras de dar continuidade ás políticas municipais de igualdade iniciadas coa implementación do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Nigrán, o Grupo Municipal Popular do Concello de Nigrán propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **acordo**:

**Único:-** Que polo Pleno da Corporación Municipal se aprobe o II Plan de Igualdade de Oportunidade entre Mulleres e Homes do Concello de Nigrán."

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Dª. Mª José Pino Fernández, concelleira delegada: Expón a proposta e a xustificación do*



acordo aludindo a datos estadísticos que afectan á poboación municipal, incluídos os referidos á contratación de mulleres, participación política ou violencia de xénero, entre outros. Tamén alude á necesidade de políticas municipais orientadas á igualdade, que xa se están desenvolvendo. Agradece a colaboración do CIM de Nigrán.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta é da Concelleira.

*Dª. Dolores Araujo Duarte, do grupo socialista:* O plan é moi bo que se presente. Seguirao ainda que pensa que ten lagoas. Están a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Xa houbo un primeiro plan, e chegouse a elaborar un segundo, frustrado pola renuncia da Concelleira do BNG, Pilar Barreiro. Falla a dotación orzamentaria. Espera que a consignen. Votarán a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Ningún o subscribe nin se sabe canto custará. De nada serve se non ten financiamento. Pide que quede sobre a mesa e que se presente xunto co financiamento, para evitar que sexa un brinde ao sol.

*Sra. Fernández Pino:* Haberá achegas doutras administracións. Tense feito máis nestes últimos meses que nos catro anos anteriores. A consignación para o CIM víñase reducindo.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Non entende as alusións da Concelleira, cando o PSOE está apoiando o plan.

*Sr. Fernández Comesaña:* Haberá que saber canto subvencionan outras administracións para saber se é viable o plan. Tampouco se analizou o cumprimento do primeiro plan.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A igualdade debe levarse á vida cotiá, e o Concello debe promover o necesario para facela efectiva. Sen prexuízo de axudas, cada departamento debe asumir a súa implantación. O goberno municipal apoia a iniciativa.

**Votación e acordo sobre a petición do Sr. Fernández Comesaña de que o asunto quede sobre a mesa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 2; do grupo Mixto.
- Votos en contra: 15; PP e PSOE.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a petición de que o asunto quede sobre a mesa.

**Votación e acordo sobre o asunto.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto

- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dictaminada pola Comisión Informativa.

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 3 de outubro de 2011 e o 31 de outubro de 2011, ambos incluídos.

### **II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:**

1.1. Nun escrito de 15 de xuño se solicitou a este Alcalde copia do Rexistro municipal. No mes de setembro dixo que non tiña problema ningún para facelo. O rogo é que cando sexa posible tecnicamente, que se entreguen esas copias.

**Sr. Alcalde-Presidente:** Estamos pendentes de resolver o problema de protección de datos.

**2.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:**

2.1. Respecto á vía Rans, todos sabemos que é unha vía sen beirarrúas, pola que é imposible ir andando, levar un carriño dun neno, e é unha vía ademais que non é das peores para urbanizar, porque ata ten os retranqueos ben feitos. ¿Como é unha demanda vella dos veciños da zona, este goberno ten algo previsto ao respecto, tanto dende o punto de vista de medios propios ou dos que poidan vir doutras administracións?.

**Sr. Alcalde-Presidente:** É certo que é unha demanda histórica neste Concello. O que acabamos de fazer é recuperar un proxecto que xa había redactado e estamos tratando de conseguir das distintas administracións os fondos para iso.

2.2. Con respecto á rúa San Roque en Camos se fixo un arranxo dunha boa parte dessa vía. O problema é que outra parte quedou sen ela, non alcanza a totalidade. Agora en Camos temos que unha parte da vía está arranxada e a outra parte atópase nun estado lamentable. O feito de que estea a outra parte arranxada, en comparación, fai que sexa más evidente o estado no que queda o resto. ¿Te algunha previsión de completar o arranxo da rúa San Roque na súa totalidade?.



*Sr. Alcalde-Presidente:* Se fixo unha primeira actuación, no goberno anterior se puxo en marcha unha segunda fase que se culminou hai un mes e agora estamos desenvolvendo o que é a última fase. Había un proxecto orixinal que completaba toda a estrada. Na primeira fase e na segunda fase se foron deixando algunas cuestións sen facer e o que imos intentar é completar cousas que non se fixeron. Estamos completando un proxecto para a terceira fase. Hai unha serie de curvas, que vamos a intentar a través de negociacións cos propietarios incluílas no proxecto. En breve, semanas, meses, esperemos ter o proxecto e adxudicar a obra.

**3.- Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:**

3.1. Pide que AQUALIA extreme a vixilancia e coidado na reposición da pavimentación das vías públicas cando realiza actuacións por reparacións ou por levar a cabo conexións, tanto en abastecemento como en saneamento, que de todos é sabido que se demora en exceso.

3.2. Unha varanda que hai na rúa Cidade de Vigo, á altura do restaurante Eladio, que está solta, que se arranxe polo perigo que supón.

3.3. Con respecto aos orzamentos, como dixo que pretendía traer a Pleno de decembro, lle pedimos que nos pase a información con tempo suficiente para poder analizalos. Sería conveniente ter a documentación antes da comisión informativa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Pleno será o 22 de decembro, tendo previsto traer o presuposto. O que teñamos preparado facilitarémoslo .

3.4. Gustaría me informara en que situación está o expediente de contratación de asistencia xurídica. Parece ser que van a por en marcha un servizo de asistencia xurídica por un período de tempo, e queremos que se nos pase copia dese prego de condicións e da situación do expediente.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Acabo de asinar a renuncia a ese proceso. Vamos a pór en marcha a contratación dunha asesoría externa para que se nos represente nos distintos contenciosos, que dalgunha maneira nos serva para recortar os custes que está supondo a defensa xurídica. Houbo varios cambios na normativa, agora o que perde un xuizo ten que pagar as costas, na RPT hai algún criterio que ten algo que ver con isto, e nos levou a reconsiderar a situación. Vamos a abrir un procedemento novo cuns criterios diferentes, como o do prazo de dous anos, que ao mellor non é o máis interesante. Non se primaba a capacidade de defensa en temas urbanísticos, etc. Démonos conta a tempo para sacar un procedemento anual.

*Sr. Fernández Comesaña:* A idea me parece fantástica, que é a maneira de poder aforrar. Eu lle invitaría a que fora un concurso público, e non que fora pechado por invitación. Eu creo que sería a forma de puidera concursar todo o mundo e poder conseguir mellor prezo. Lle pido poder ver o expediente, para ver o prego.

3.5. Na pasada lexislatura se fixo por parte do noso grupo, creo que tamén por parte

do grupo popular, insistencia con respecto á demanda de que Nigrán conte coa expedición do DNI electrónico a través da Policía. Me gustaría saber se fixeron algunha xestión.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Algo fixemos. Falamos coa Policía Nacional, pero teñen eles unha serie de dificultades que teñen que resolver, pero se non é neste Concello, polo menos dar un servizo para os tres concellos. Parece ser que os recursos que ten a Policía Nacional para trasladar estes operativos non son os mesmos que eran antes. Loitaremos para que os veciños de Nigrán poidan facer aquí o DNI.

3.6. Con respecto ao deslinde de Gondomar, me gustaría saber si fixeron algunha xestión.

*D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado:* Xa tivemos unha reunión con eles. Teremos outra reunión en breve para chegar a un acordo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa se fixeron varias reunións co Concello de Gondomar, con xente histórica da zona para que nos transmitiran a súa sabedoría, e parece que hai un principio de acordo para tramitar o deslinde.

3.7. Como vostede sabe, a cafetería das instalación deportivas está pechada. Aquí se dixera que iban a presentar un proxecto e nunca máis se soubo. Me gustaría saber que están facendo, se vai a estar en servizo a cafetería para o verán, porque se están deixando de ingresar uns cartos necesarios para o Concello.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O primeiro que queremos é que esa sexa unha instalación como Deus manda. O que pasa é que entras aquí e te topas con moitas dificultades. Cando estamos sacando ese proxecto dinche que o edificio non se cae. A nosa idea era facer unha actuación con medios propios contratando o arranxo de impermeabilización do tellado e darlle soporte ao peto, que é de ladrillo, que é o que se está desprendendo e ten certo risco. Sobre a concesión, tratábase de que se presentaran proxectos para facer a restauración do local para explotalo a través do que custe o proxecto. Esa é a idea, pero nos leva máis tempo porque non nos paramos a pensar que non tiñamos licencia nese local. O Concello quere por en marcha un local e os técnicos nos dín: ¿pensastes que non tedes licencia? Temos que pór un proxecto en marcha e darnos a licencia. Esperamos que antes do verán estea en funcionamento. Queremos facer as cousas ben.

3.8. Con respecto a unha pista forestal de Priegue a Chandebrito me gustaría que me informara que está pasando con esta actuación, cal é a implicación do Concello, que nos informe se se afectaron petroglifos, se o Concello ten os informes regulamentarios para levar a cabo esta actuación, se hai algúun convenio coa Deputación, comunidades de montes de Camos, Chandebrito e Priegue para levala a cabo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que se fixo alí foi unha actuación da comunidade de montes de Camos, que se trataba de que na época na que estábamos, que había un importante risco de incendios, facer o acondicionamento da pista e dalgúnha maneira xerar un cortalumes vexetal. Fíxose dunha forma rápida pola urxencia polo tempo



climatolóxico que se daba. Se nos pediu colaboración a nós, que lla pedimos á Deputación para a maquinaria. Se puxo en marcha e lamentablemente fomos denunciados por particulares ou grupos políticos e tivemos a visita da Fiscalía. O Concello neste momento non ten ningún tipo de responsabilidade neste caso. O expediente está aí para que se vexa. A pregunta que lle fixemos á Garda Civil foi que se era certo que apareceran os restos arqueolóxicos, aquel que fixo a denuncia diga onde os ten, porque que eu saiba non apareceron. Medio Rural está en coñecemento, Patrimonio está en coñecemento. Hai un proxecto desa pista forestal e non vai a levar más preocupación que esa, máis da que lle queiran dar algúns que o que lle interesa é pór nos medios de comunicación que hai calquera tipo de atentado, que ao mesmo tempo me gustaría que se xustificase quen denuncia ante certos veciños que teñen unha certa dificultade de comunicación co centro de Nigrán, de se algunha maneira queren que vivan no illamento permanente e se calquera tipo de actuación lle pode molestar ata tal extremo.

*Sr. Fernández Comesaña:* A actuación di que é a través da Deputación, que ao Concello non lle custaría nada. ¿Sería igual que está, con ampliación e beirarrúas...?

*Sr. Alcalde-Presidente:* É unha pista forestal. Neste caso se acondicionaba para habilitar un cortalumes vexetal. Neste momento se paralizou e o ancho que se ve non é o real porque o que se iba a acometer era replantar unha serie de especies que non permitiran o paso de lume entre un lado e outro da pista. Agora a imaxe que transmite é outra porque ainda non se rematou.

3.9. Xa na anterior Corporación se solicitara que se entregaran aos grupos políticos os informes de fiscalización de Intervención do ano 2009 en soporte informático, solicitamos que se siga co mesmo criterio e se nos pasen os do anos 2010 e 2011.

3.10. No Pleno pasado a unha pregunta do proxecto de e-administración me dixo que me ía contestar por escrito.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A contestación é a que lle dei no Pleno pasado. A persoa que estaba contratada xa está desenrolando o traballo. Lle contestarei por escrito.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.